

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA LUDOTECA MUNICIPAL INTEGRADORA

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

Este Concello, consonte o autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, de acordo co previsto no artigo 20.1 b) do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa polos servizos prestados pola Ludoteca municipal integradora, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme o disposto no artigo 16 do devandito texto legal.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación polo Concello do Barco de Valdeorras dos servizos da Ludoteca municipal.

Artigo 3º.- Obriga de contribuír

A taxa considerarase aplicada, polo que nace a obriga de contribuír, coa iniciación da prestación do servizo, que será no momento en que se formalice a correspondente matrícula.

Artigo 4º.- Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que soliciten o servizo para as persoas beneficiarias deste.

Artigo 5º.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios da obrigas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 6º.- Tarifas

A contía da taxa regulada da presente Ordenanza fiscal será a seguinte:

Dereitos de matrícula por ano: 30 € .

Á taxa anteriormente sinalada engadiránselle, de ser o caso, as taxas ou prezos públicos que poida fixar no uso da súa competencia a Administración da comunidade autónoma e que baixo ningún concepto se considerarán ingresos deste concello.

Artigo 7º.- Normas de xestión

A taxa pola matrícula esixirase en réxime de autoliquidación.

Cando se presente a solicitude de inscrición para a utilización dos servizos da Ludoteca, presentarase debidamente cuberto o impreso de autoliquidación da taxa.

É requisito imprescindible para poder acceder ao servizo de Ludoteca estar empadroadado no Concello do Barco de Valdeorras.

Alternativamente, poden presentarse na oficina municipal correspondente os elementos da declaración co obxecto de que un funcionario municipal preste a axuda necesaria para determinar a débeda.

Artigo 8º.- Exencións e bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non se recoñecerá beneficio tributario ningún, agás os previstos por tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas de rango legal.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación da infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase segundo o disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal estrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) e comezará a rexer o día un de xaneiro de 2008.

2º.- De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo provisional exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas,

3º.- A devandita exposición ao público anunciarase no *Boletín Oficial da Provincia* de Ourense e nun xornal dos de maior difusión da provincia, e comezará a contar o seu prazo dende o día seguinte á inserción do anuncio no BOP.

4º.- No caso de non se presentaren reclamacións, e de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real decreto 2/2004, o acordo ata entón provisional quedará elevado a definitivo, sen necesidade de acordo plenario.